



Boletín Informativo do Concello



Nº: 46 MAIO 2011

Avisos.

Subvencións para rehabilitación, reconstrución ou remate de fachadas e cubertas de vivendas do rural.

Os interesados en optar a estas subvencións deben seguir os seguintes pasos:

*1º Solicitar a cualificación provisional. Este tramite pódese realizar no Concello ou no Instituto Galego de Vivenda e solo.

Documentación:

- Solicitud.
- Certificado de empadramento.
- Fotos en cor das 4 fachadas e das estancias do interior nas que se queiran facer arranxos.
- No caso de obras menores memoria explicativa segundo catálogo da Xunta (as memorias faranas os técnicos municipais para todo aquel que queira). E no caso de obras maiores, proxecto de obra redactado por técnico competente.
- Resguardo de solicitud de obra no Concello. Non é preciso tela concedida nin pagada, senón que só tela solicitado.

*2º Os técnicos da Xunta farán unha comprobación antes de acometer as obras. Non se poden comezar as obras ata que o persoal

do Instituto Galego de Vivenda e solo faga a primeira comprobación

*3º Unha vez recibida a cualificación provisional e unha vez aboada a licenza de obra poderanse comezar as obras.

*4º Ao remate das obras haberá 1 mes para solicitar a cualificación definitiva.

Documentación

- Solicitud.
- Copia da licenza.
- Fotos en cor que reflicten as obras realizadas.

*5º Unha vez feita a solicitud, persoal do Instituto volve a ver as vivendas para comprobar que se fixeran as obras. Se todo está en orde enviaranlle, dende o Instituto Galego de Vivenda e solo, o documento de cualificación definitiva.

*6º Cando se abra o prazo de convocatoria de subvención solicitala presentando o documento de cualificación definitiva.

En todo caso a subvención nunca superará o 50% do importe nin os 6.600 € no caso de remate de fachadas, cubertas e rehabilitación; e os 8.600 € no caso de reconstrución.

Todos os que tiveran subvencións para este mesmo fin nos últimos 4 anos non poderán optar á mesma.

Todos aqueles veciños que teñan ou estean en trámites da Cédula de Rehabilitación poderán optar tamén a esta subvención.

Recomendamos a todo aquel que estea interesado pasar polo Concello antes de realizar ningún trámite para lle explicar mellor todos os pasos.

FEIRA MENSUAL

O vindeiro sábado 7 de maio teremos a feira mensual como ven sendo tradicional, esta será a duodécima edición desta feira que xa se está a consolidar como un cita ineludible para todos os Boimortenses.

Este mes de maio é dos mellores para o excedente agrario, pois comeza a época de maior actividade agrícola co cultivo de leitugas, millo, pementos, repolo,... e todo isto ofertarase nos postos de excedente agrario presentes na feira.

Recordarlles tamén que a liña de autobús seguirá indo por todas as parroquias recollendo a xente para acudir á feira.

Gustaríanos aproveitar esta ocasión para lles agradecer o apoio mostrado a esta iniciativa sen a cal sería imposible mantela a flote. Continuaremos mellorando para conseguir a "mellor feira da comarca".

Cultura

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Con motivo da celebración do Día das Letras Galegas este Concello convoca O III Concurso Literario de Minirelatos en Galego para todos/as

aqueles/as veciños/as que queiran mostrar o seu talento creativo e literario. Habrá premios en cada categoría, o prazo de presentación remata o 15 de xuño. As bases estarán a disposición dos interesados nas oficinas do Concello ou na páxina web.

CURSO DE PASTOREO

O Concello en colaboración coa Asociación A.C.A.D.E. organiza un curso de pastoreo con cans. O curso terá lugar os días 27, 28 e 29 de maio na parcela sita enfronte do Campo do Rosario en Boimorto.

O encargado de impartir o curso será un refutado adestrador portugués gañador de multitude de premios no seu país.

Os interesados en inscribirse no curso póñanse en contacto co Concello onde se lle indicara como facelo, as prazas do curso son limitadas. Poderá asistir todo aquel que queira como espectador, promete ser un gran espectáculo e unha oportunidade de ver os cans nunha das labores que os levou a ser o animal doméstico por excelencia.

Eleccións Locais

Maio 2011

Como xa ven sendo habitual habilitarase un servizo de transporte electoral en autobús gratuíto para acudir ás votacións que se celebraran o vindeiro 22 de maio de 2011.

Estean atentos aos bandos onde se lles dará cumprida información acerca dos horarios e das paradas que efectuará cada liña de autobús.